

O único proxecto previsto que non ten que ver co pasado é a análise e documentación cultural de Galicia **Sarmiento e as Cantigas de Santa María, retos do Consello da Cultura para o 2002**

A edición das obras completas do Padre Sarmiento e a posta en marcha da edición crítica do manuscrito das «Cantigas de Santa María» que está na Biblioteca Nacional de Madrid, son os dous grandes proxectos do Consello da Cultura Galega para o 2002. A estes dous

traballos, que se van desenvolver en varios anos, únese a iniciativa de Xan Bouzada de crear unha comisión técnica que se encargará de elaborar a nivel galego e municipal o sistema de indicadores culturais e o censo de entidades e institucións culturais galegas.

REDACCIÓN
SANTIAGO

O presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, rendiu contas do 2001 e presentou o plan de actividades para o 2002 ó pleno da institución, na última reunión do ano, a que como vén sendo habitual asistiu o presidente de honra, Manuel Fraga.

O Padre Sarmiento protagoniza un ambicioso proxecto que se pon en marcha coincidindo con que é a figura a que se lle dedica o Día das Letras Galegas do vindeiro ano. Trátase de editar as obras completas deste erudito galego, porque aínda que nacido en Villafraanca del Bierzo e radicado en Madrid desde os 15 anos ate a súa morte, foi o pioneiro no estudio da lingua, a flora, a historia e literatura galegas. Será posible logo de que a Casa de



PACO RODRÍGUEZ

O último pleno do ano do Consello da Cultura asistiu Fraga en calidade de presidente de honra da institución

Medina Sidonia accedese a dixitalizar os manuscritos dos seus fondos, ademais de autógrafos noutros arquivos e bi-

bliotecas, entre eles o Museo de Pontevedra.

O Conde de Gondomar será obxecto dun congreso e unha

exposición en Gondomar, coordinados polo director do Instituto de Estudios Gallegos, Pardo de Guevara.

**O portal de
Internet
rexistrou
200.000 visitas**

A regularización da situación laboral do persoal do Consello da Cultura por medio nun concurso é un dos aspectos máis salientables a nivel interno desta institución no 2001.

O informe presentado os membros do pleno no faltan as cifras que contabilizaron nunha media de tres actos ó mes, ós que asistiron 2.500 persoas e 450 ponentes. Editou 36 publicacións entre monografías, edicións facsimilares, informes, vídeos, catálogos, revistas, boletíns e un cómic. E puxo en marcha o portal de Internet, que rexistrou 200.000 visitas e acadou 1.150 subscritores.

O máis destacado que organizou ó longo deste ano, en colaboración con outras entidades ou das súas propias seccións, foron os congresos dedicados a Curros Enríquez, celebrado en Celanova, e o do Exilio Galego, que tivo lugar en Santiago.